

# Saúda XUNTA GALICIA

O viño forma parte da nosa cultura, parte da nosa esencia e polo tanto parte de aquilo que temos que compartir como destino turístico.

Existe unha maridaxe perfecta entre o turismo e a enoloxía, unha maneira de turismo experiencial para achegarse ao descubrimento de todo un territorio.

Non en vano a enogastronomía constitúe a segunda motivación pola que os turistas elixen Galicia como destino.

Así, dende o punto de vista turístico, este sector é quen de incrementar os fluxos, aumentar o gasto e atraer numerosos turistas ao interior contribuíndo na desestacionalización.

Dende Turismo de Galicia somos conscientes disto e por iso traballamos para activar e dinamizar turisticamente os nosos territorios vinícolas e para que o enoturismo se converta nun dos nosos principais reclamos como destino, xunto cunha das mellores gastronomías do mundo.

A celebración da XIII edición desta Festa do Viño Tinta Femia de Cela constitúe un claro exemplo da potencialidade que o enoturismo acadou na nosa comunidade.

Unha grande oportunidade para dar a coñecer o mellor da nosa terra.

Todos aqueles que visiten esta localidade de Bueu durante este festexo descubrirán non só as bondades do viño galego senón atoparán ademais benestar e alegría e poderán gozar das nosas praias, dos nosos pazos, dos muíños e da natureza.

Mª Nava Castro Domínguez  
Directora de Turismo de Galicia